

JARDANAY

COCINA CON  
SABOR HECHA  
CON ♥

Setembro - 2020

## PROTOCOLO CORONAVIRUS - SERVICIO DE COMEDOR E MADRUGADORES

Centro: CEIP Wenceslao Fernández Flórez

---

## ÍNDICE

**1. INTRODUCCIÓN ----- 3**

**2. MEDIDAS PREVENTIVAS -----4**

*MEDIDAS RELATIVAS AO PERSOAL DE JARDANAY*

*MEDIDAS RELATIVAS Á RAPAZADA*

**3. LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN -----6**

**4. SERVICIOS PRESTADOS E ESPAZOS DISPOÑIBLES PARA O SEU USO -----8**

*MANIPULACIÓN E CONVIVENCIA NO COMEDOR*

*SERVIZO*

*LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN*

*CARTELARÍA*

**5. SERVICIO DE MADRUGADORES-----8**

**6. SERVICIO DE COMEDOR-----9**

*DISPOSICIÓN DO COMEDOR, CAPACIDADE E QUENDAS*

*PERSOAL*

*ABRIGOS E MOCHILAS*

*ENTRADA NO COMEDOR*

*OPERATIVA DENTRO DO COMEDOR*

*SAÍDAS DO COMEDOR*

*PATIOS E ZONAS DE RECREO*

*ENTREGA DA RAPAZADA*

**7. SERVICIO DE JARDANAY NA CASA-----12**

**8. ANEXOS -----12**

## 1. INTRODUCCIÓN

Por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19, comunmente denominada como coronavirus, e tal e como ordenan as autoridades sanitarias, cómpre que, tanto a empresa coma os traballadores, colaboremos no control da pandemia aplicando unha serie de medidas de hixiene e prevención no noso traballo mentres dure esta situación excepcional.

Do mesmo xeito, os centros educativos teñen un papel fundamental no desenvolvemento da infancia e da sociedade en xeral. O dereito á educación e o dereito á protección da infancia deben ser unha prioridade na recuperación despois dunha crise.

A pandemia da COVID-19 implica a necesidade de tomar medidas de prevención e protección que obrigan a unha reestruturación da organización de múltiples actividades para poder reinicialas de xeito seguro. A este respecto, a recuperación da actividade nos centros educativos e nos comedores escolares, no noso caso, polo tanto debe adaptarse a estas medidas.

Por todo isto, en Jardanay elaboramos un documento de referencia que inclúe as principais medidas de prevención e de hixiene con respecto á COVID-19, personalizado para o CEIP Wenceslao Fernández Flórez e as súas instalacións. Para iso, tomamos en consideración as recomendacións do Goberno de España, das autoridades sanitarias e educativas, así como as da Xunta de Galicia e outras autoridades sectoriais e de prevención de riscos.

As medidas contempladas neste protocolo manteranse durante todo o tempo que sexa preciso para a prevención e control da COVID-19 e actualízanse segundo recomenden as autoridades sanitarias.

A continuación, detallamos estas medidas, que son de obrigado cumprimento para todo o persoal de Jardanay no centro escolar.

## 2. MEDIDAS PREVENTIVAS

### MEDIDAS RELATIVAS AO PERSOAL DE JARDANAY

Os traballadores de Jardanay contan cun protocolo concreto con medidas preventivas en relación coa COVID-19 que teñen a obriga de cumprir. En calquera caso, lembramos as máis destacadas:

- Informarase inmediatamente á empresa se o traballador se atopa entre os grupos vulnerables COVID-19 definidos como tal polo Ministerio de Sanidade.
- Se se observan síntomas compatibles coa enfermidade (febre, tose, diarrea, cansazo, xaquecas, descomposición, etc.), non se acudirá ao centro de traballo e contactarase co departamento de Recursos Humanos.
- Se se estivo en contacto estreito (a menos de 1,5 metros e sen protección) durante máis de 15 minutos cunha persoa enferma de coronavirus, o traballador non debe acudir ao centro de traballo e deberá contactar co departamento de Recursos Humanos.
- Nos desprazamentos ao centro de traballo, tratarase de utilizar un medio de transporte de uso individual. No caso de requirir o uso dun transporte colectivo ou compartido, utilizarase sempre máscara. Débese cumprir cos recambios das máscaras segundo o uso previsto e non utilizala máis tempo do recomendado.
- Todos os traballadores deben medir a temperatura unha vez ao día antes de entrar a traballar. Se teñen máis de 37,5 °C de temperatura, non acudirán ao seu posto de traballo e avisarán ao departamento de Recursos Humanos.
- Ao chegar ao centro realizarase un lavado de mans de entre 40 e 60 segundos, con auga quente e xabón. Procederase ao lavado de mans con auga quente e xabón ou ao uso de xel hidroalcohólico de forma continua (antes e despois dunha tarefa, ao estar en contacto con zonas, enxoval ou material de limpeza sucio, etc).
- Os traballadores deberán levar posta a máscara en todo momento e en todas as instalacións e zonas do centro (recibidor da entrada, vestiarios, aseos, oficinas, zona de servizo e comedor, patios).
- É esencial manter ao máximo a distancia de seguridade de 1,5 metros establecida polas autoridades sempre que sexa posible.
- Evitarase o contacto das mans cos ollos, o nariz e a boca.
- Evitarase o contacto físico cos compañeiros de traballo, así como coas persoas externas que acudan ao centro de traballo.

### MEDIDAS RELATIVAS Á RAPAZADA DURANTE OS SERVIZOS

Se durante os servizos se observan síntomas compatibles coa enfermidade (febre, tose, diarrea, cansazo, xaquecas, descomposición...), seguirase o protocolo do centro: levarase o menor á aula designada para iso e acompañarase mentres se chama aos seus familiares e, de ser necesario, aos servizos sanitarios asignados ao colexio.

Os nenos e as nenas a partir de 6 anos terán a máscara posta en todo momento agás no momento no que estean sentados á mesa e empecen a almorzar ou xantar. Entre os pratos e unha vez que terminen, volverán poñer a máscara antes de erguerse da mesa. Esta norma será extensible á cativada de entre 3 e 6 anos que tamén leve máscara, consonte a recomendación da Xunta de Galicia. Os monitores estarán especialmente vixiantes para que esta norma se cumpra en todo momento.

O persoal de Jardanay vixiará para que a cativada respecte as distancias de seguridade de polo menos 1,5 metros, agás nos momentos nos que estea autorizado a diminuír esa distancia. Promoveranse actividades e xogos adaptados ao protocolo de seguridade.

A cativada dividirase en grupos de convivencia estable, que corresponden á súa aula. Respetaranse estas divisións, tanto no comedor coma á hora de distribuílos nas diferentes zonas de xogo.

O persoal de Jardanay vixiará para que a cativada evite tocar os ollos, o nariz e a boca, así como que, no caso de esbirrar sen máscara, que o faga no sangradoiro.

Fomentaranse o lavado frecuente de mans mediante dispensadores de xel hidroalcohólico. En concreto, a cativada desinfectará as mans polo menos antes de entrar ao comedor, ao saír del, ao saír do aseo e antes do seu horario de saída.

### 3. LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN

Durante todo o proceso seguiranse coma sempre as boas prácticas de manipulación e todas as medidas contempladas no Manual APPCC do centro.

O presente protocolo establece as medidas de hixiene e prevención en función dos riscos da actividade con respecto á COVID-19. As devanditas medidas son de obrigado cumprimento en todas as fases do proceso (desde a entrada de persoal ata o servizo).

#### MANIPULACIÓN E CONVIVENCIA NO COMEDOR

Durante todas as fases do servizo, seguiranse as medidas preventivas habituais segundo o APPCC do centro.

A maiores e como xa mencionamos anteriormente:

- Non intercambiaremos utensilios (coitelos, cortadores, culleres de servir) sen limpeza previa.
- Toma de temperatura da comida: o termómetro desinfectarase e gardarase no mesmo sitio.
- O material de oficina empregado polo persoal de Jardanay (bolígrafos, calculadora, etc.) será de uso persoal. Se varias persoas utilizan o mesmo arquivador de rexistro, este será desinfectado despois do seu uso por cada traballador.
- Os traballadores levarán posta a máscara en todo momento e a cativada só a quitará no momento de comer.

#### SERVIZO

- O alumno non terá que recoller cubertos, vaso, pan nin sobremesa de elementos comúns nos que puidese tocar os utensilios doutros. Preferentemente, estes elementos serán entregados polos monitores e monitoras.
- Utilizarase papel desbotable para a limpeza superficial da comida que caia como consecuencia do servizo. O devandito papel desbotarase despois do seu uso.
- Non se intercambiará enxoval de servir (culleres de servir, pinzas, cuncas, bandexas) entre o persoal sen unha limpeza previa.
- En caso de non haber acceso directo á zona de lavado, coordinaranse os fluxos de monitores e monitoras que teñan que saír a recoller enxoval sucio para levalo ao lavalouza.
- Unha vez acabado o servizo e entre as quendas, procederase á limpeza e a desinfección das mesas, cadeiras, liñas, superficies de apoio, etc.
- Ventilarse o comedor durante a limpeza/desinfección entre as quendas.
- A auga será servida por un só monitor ou monitora de cada vez, e desinfectarase a zona da xerra en caso de ser empregada por outro traballador.

#### LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN

Sen menoscabo dos protocolos e rexistros de limpeza e desinfección incluídos no Manual APPCC do centro, adoptaremos as seguintes medidas COVID:

- Ventilarse 15 minutos antes do inicio do servizo e entre as quendas.
- Proceso de limpeza e desinfección:
  - o Limpeza: limparase da forma habitual e cos produtos habituais (deterxentes), aínda que haberá que colocar os útiles de limpeza e o/s pano/s sucio/s sempre no mesmo sitio e a remollo nunha

solución desinfectante. Cada traballador deberá efectuar o lavado e desinfección de mans antes e despois do seu uso.

- Desinfección: unha vez efectuada a limpeza, procederase á desinfección cun produto virucida autorizado e rexistrado en España que demostrase eficacia fronte ao virus atendendo á norma UNE-EN 1447 e incluído na listaxe publicada polo Ministerio de Sanidade (última actualización 6/08/2020). Respetaranse sempre as indicacións do fabricante (etiqueta e ficha técnica).
- Para a limpeza de trapos, estropallos e demais utensilios: eliminaranse os residuos orgánicos e somerxeranse en dilucións de lixivia de uso alimentario (1:50) acabada de preparar ou de calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados, respectando as indicacións do fabricante. Somerxeranse os trapos e estropallos polo menos 15 minutos, mentres duren as quendas de comedor, e tamén ao finalizar a limpeza do fin do servizo.
- Frecuencias:
  - Respetaranse as frecuencias habituais establecidas no Manual APPCC do centro, aínda que se limparán e desinfectarán con maior frecuencia as zonas con máis uso: pomos e tiradores de portas e ventás, caixóns, varandas, pasamáns, interruptores, botóns, superficies que se tocan de electrodomésticos, billas de auga, utensilios de cociña, sistemas electrónicos, etc.
  - Tamén se aumentará a frecuencia de desinfección do comedor (farase unha limpeza e desinfección entre as quendas), así como a limpeza e desinfección de enxoval e utensilios de servizo (despois de cada quenda e sempre antes de que o utilice un traballador diferente).
- Panos e estropallos na zona sucia: respectarase o código de cores e á súa vez:
  - Durante o servizo e ao finalizar a limpeza, somerxeranse os estropallos e os panos sucios nun recipiente cunha solución desinfectante, previa eliminación de materia orgánica. Deben permanecer somerxidos, polo menos, 15 minutos seguidos despois de cada limpeza e, en xeral, sempre que non se estean utilizando. O recipiente estará situado na zona sucia (nunca preto de alimentos nin de zonas limpas); débense lavar as mans ou usar xel hidroalcohólico despois do seu uso.
- Louza e enxoval: limpeza e desinfección en lavalouza industrial a 82 °C. Nunca se utilizará enxoval de cociña usado por outra persoa sen lavallo e desinfectalo previamente.
- Comedor:
  - Limpeza e desinfección das mesas, cadeiras e superficies en contacto cos usuarios entre cada quenda e, por suposto, ao finalizar o servizo.
  - Ventilación do comedor mentres se realiza a desinfección entre quendas.

## CARTELARÍA

- Disporase de carteis informativos no centro de traballo que recorden todas as medidas preventivas e de hixiene.

## 4. SERVIZOS PRESTADOS E ESPAZOS DISPOÑIBLES PARA O SEU USO

Jardanay prestará no CEIP Wenceslao Fernández Flórez os servizos de madrugadores, comedor e Jardanay na Casa.

O servizo de madrugadores prestarase no horario de 07:30 h a 09:00 h. O servizo, incluíndo o almorzo e/ou a garda e custodia, prestarase no comedor.

O servizo de comedor prestarase no horario de 13:30 h a 16:00 h. O servizo de comedor, incluíndo a comida e a garda e custodia, prestarase nos seguintes espazos cedidos con autorización do centro escolar:

- Comedor 1: comedor de Educación Infantil e primeiro ciclo Primaria.
- Comedor 2: comedor do segundo ciclo Primaria.
- Espazo 1: patio grande cuberto, dividido en grupos de convivencia estable.
- Espazo 2: patio pequeno cuberto dividido en grupos de convivencia estable.
- Espazo 3: aula de estudos creada pola ANPA.
- Espazo 4: ximnasio (no caso de cicloxénese).
- Espazo 5: salón de actos (no caso de cicloxénese).

Jardanay na Casa é unha modalidade de comida para levar mediante a cal o neno ou a nena marchará da escola levando consigo unha bolsa co menú envasado. O horario de saída desta modalidade é ás 14:15 h.

Jardanay desinfectará todos os espazos utilizados durante o seu servizo.

## 5. SERVIZO DE MADRUGADORES

A cativada que asista ao servizo de madrugadores chegará ao centro de forma gradual.

Antes de entrar na zona de madrugadores, a rapazada desinfectará as mans con xel hidroalcohólico.

Os alumnos sentarán o máis afastados posible uns doutros, respectando a distancia de seguridade de 1,5 metros en oblicuo entre cada un.

Establecerase unha zona de almorzo e outra de non almorzo. A cativada levará posta a máscara en todo momento, agás no tempo no que tome o almorzo.

O programa de actividades axeitarase ás circunstancias actuais (non se poderán compartir materiais entre a rapazada, respectaranse as distancias de seguridade, etc.).

Antes de abandonar o servizo de madrugadores, a cativada desinfectará as mans con xel hidroalcohólico.

A saída do servizo realizarase do seguinte xeito:

- Ás 0845 h: un monitor levará ao alumnado de Educación Infantil, gardando as distancias de seguridade, á zona de filas onde ás 0850 h xa estarán os seus titores para a súa recollida.
- 08:50h: Un monitor levará ao alumnado de 3º, 4º, 5º y 6º de Primaria ás aulas, onde estarán os titores/as correspondentes, asegurando as distancias de seguridade.



- 08:55h. Un monitor baixará aos alumnos de 1º e 2º de Primaria ao patio, garantindo as distancias de seguridade, onde se integrarán na súa fila de curso cos seus compañeiros antes de subir á clase.

O aseo que se utilizará durante o servizo de madrugadores será o baño a carón do comedor.

O equipo de Jardanay estará adaptado á capacidade do servizo, para asegurar o seu correcto funcionamento e o cumprimento dos protocolos. Baixo as premisas actuais, recollidas no presente documento, o equipo estará formado por 2 persoas.

## 6. SERVIZO DE COMEDOR

### DISPOSICIÓN DO COMEDOR, AFORO MÁXIMO E QUENDAS

Os asentos do comedor dispuxéronse separando os nenos nos seus grupos de convivencia estable. Os grupos de convivencia estable están separados entre si por unha distancia de 1,5 metros, tanto no comedor 1 coma no comedor 2, que están situados un a carón do outro.

A rapazada terá un sitio asignado no que sentará sempre, independentemente do número de días que asista ao comedor.

Segundo a disposición do comedor descrita anteriormente, o espazo de comedor ten unha capacidade aproximada de 50 alumnos por quenda (sumando ambos os dous comedores). A capacidade final dependerá do número de nenos apuntados en cada grupo de convivencia e dos días que estes asistan ao comedor.

Establécense 3 quendas no servizo de comedor.

- Primeira quenda: 13:30 h - 14:05 h. Asistirán os alumnos de Educación Infantil
- Segunda quenda: 14:10 h - 14:45 h. Asistirán os alumnos de 1.º, 2.º e 4.º de Primaria.
- Terceira quenda: 14:50 h - 15:20 h. Asistirán os alumnos de 3.º, 5.º e 6.º de Primaria.

O comedor limparase e desinfectarase entre quenda e quenda, realizando tamén unha ventilación de 10 minutos.

### PERSOAL

O equipo de Jardanay estará adaptado á capacidade do servizo, para asegurar o seu correcto funcionamento e o cumprimento dos protocolos. Baixo as premisas actuais, recollidas no presente documento, o equipo estará formado por 10 persoas.

Todo o persoal terá coñecemento e no seu poder tanto o presente protocolo coma o protocolo específico do empregado, e cumpriranosen sen excepción.

### ABRIGOS E MOCHILAS

Os abrigos e mochilas de 4.º, 5.º e 6.º de Primaria deixaranse no cuarto a carón das escaleiras por onde saen.

A rapazada de 4.º e 5.º de Educación Infantil, 1.º, 2.º e 3.º de Educación Primaria deixarán as súas pertenzas no cuarto das mochilas situado a carón das escaleiras de baixada do comedor.

As pertenzas dos nenos e as nenas de 6.º de Educación Infantil quedarán nos bancos da entrada do comedor durante o servizo; posteriormente, ao saír, recolleranas e baixaranas ao mesmo sitio ca as dos seus compañeiros de Educación Infantil.

## ENTRADA NO COMEDOR

### Primeira quenda (13:30 h)

O alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil serán recollidos polos monitores nas portas das súas clases e os levarán ao comedor, cumprindo as medidas de seguridade.

Os alumnos de 6º de Educación Infantil, serán recollidos por un monitor na porta da súa clase, situadas en frente del comedor, ao fondo do corredor.

O resto de alumnado permanecerá na clase no seu horario lectivo.

Ás 13:50h sae 6º primaria, e ás 13:55h 5º primaria, mentras que ás 14:00h sae 4º, polas escaleiras de conserxería. Un monitor esperalles nas escaleiras e os baixará ao patio onde haberá outro monitor. Agardarán a que remate a saída normal dos alumnos de Educación Infantil e unha vez que rematen, entrarán por cursos a súa zona de deixar as mochilas (espazo baixo escaleiras). A continuación irán ao patio, respectando os diferentes grupos estables de convivencia.

Ás 14:00h sae 1º, ás 13:55h sae 2º e 3º polas escaleiras do comedor. Deixan as mochilas no seu espazo e saen ao patio.

### Segunda quenda (14:10 h)

Os monitores levan aos alumnos dos cursos 1º, 2º e 4º de Primaria ata o comedor. O resto do alumnado permanecerá nas súas zonas de patio, sempre respectando as distancias de seguridade entre os diferentes grupos estables de convivencia.

### Terceira quenda (14:50 h)

Os monitores recollerán os alumnos dos cursos 3.º, 5.º e 6.º de Primaria e levaranos ao comedor.

O resto de alumnos permanecerá no patio.

## OPERATIVA DENTRO DO COMEDOR

Na entrada do comedor, a rapazada desinfectará as mans con xel hidroalcohólico. A cativada entrará no comedor ordenada segundo os seus grupos de convivencia estable, mantendo as distancias de seguridade entre eles, e sentarán no seu sitio asignado, que será o mesmo ao longo do curso.

Terán a máscara posta en todo momento ata que os monitores lles sirvan o xantar, momento no que poderán quitala para comer; entre prato e prato deberán poñela de novo. Cando finalicen a súa comida, desinfectarán as mans e poñerana de novo, mesmo se están sentados esperando a que os seus compañeiros rematen de comer.

A rapazada non se levantará da mesa e serán os monitores os que servirán a comida en pratos. Non haberá xerras de auga nas mesas e un monitor encargarse de servir auga da xerra ao empezar a quenda e cando a cativada o solicite.

O aseo dispoñible mentres se usa o comedor será o do corredor. Tratarase de evitar no posible o seu uso mentres os alumnos estean sentados comendo. Se é urxente o seu uso, o alumno deberá poñer a máscara antes de se erguer e desinfectará as mans despois de saír.

## SAÍDAS DO COMEDOR

Os nenos permanecerán sentados no seu sitio ata que todos os seus compañeiros terminen de comer, momento no que sairán ordenados, respectando as distancias de seguridade co resto de grupos de convivencia.

Mentres dure a situación excepcional derivada do coronavirus, suspéndese o lavado de dentes despois do xantar.

Os monitores dirixirán á rapazada á zona de xogo que lles corresponda.

## PATIOS E ZONAS DE XOGO

Durante o tempo que non estea no comedor, a cativada distribuirase organizada en grupos de convivencia estable polos espazos dispoñibles. Se un espazo dispoñible, polo seu tamaño, pode ser ocupado por máis dun grupo, estará claramente dividido en zonas de tal xeito que os grupos de convivencia estable non se mesturen. Os grupos de convivencia estable irán rotando polos diferentes espazos.

- Espazo 1: patio grande cuberto, dividido en grupos de convivencia estable.
- Espazo 2: patio pequeno cuberto dividido en grupos de convivencia estable.
- Espazo 3: aula de estudos creada pola ANPA.
- Espazo 4: ximnasio (no caso de cicloxénese).
- Espazo 5: salón de actos (no caso de cicloxénese).

Coidaranse e ordenaranse os tránsitos para que os grupos de convivencia estable non se mesturen entre eles.

A rapazada a partir de 6 anos, así como os menores desa idade que traian máscara, deberán levala posta en todo momento no patio. Poderán xogar sen manter a distancia de seguridade dentro do seu grupo de convivencia estable.

O equipo de monitores e monitoras propondrá actividades e xogos concretos adaptados á situación e medidas de seguridade derivadas da COVID-19.

Aseo: usarase o baño do patio acompañado polos monitores.

## ENTREGA DA RAPAZADA

O servizo de comedor finaliza ás 16:00 h. Realizarase unha soa entrega por dous puntos distintos:

- Ás 15:30 h - 15:40h, sairá Educación Infantil pola porta do patio.
- Ás 15:40 h - 15:55 h sairán 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de Primaria pola porta do patio.
- Ás 15:40 h - 16:00 h, sairá 5.º e 6.º de Primaria pola porta da fachada que dá ao comedor.
- Ás 16:00 h, entregaráselle a cativada de actividades aos monitores (ata entón, estarán nas ringleiras cos seus compañeiros).

A rapazada recollerá as súas pertenzas e serán organizados por grupo de convivencia estable, respectando as distancias de seguridade entre eles, e serán chamados polos monitores para a súa entrega.

## 7. JARDANAY NA CASA

Jardanay na Casa é un servizo de comida para levar dispoñible para todas as familias que desexen apuntarse. Consta dun primeiro e un segundo, envasados en barquetas termoseladas, un boliño de pan e a sobremesa. Sérvese nunha bolsa que se lle entrega ao neno ou nena no momento de saír.


O horario de saída de Jardanay na Casa é 14:15 h. A saída realizarase pola porta do comedor da fachada principal. Coma no resto de saídas, a rapazada esperará respectando as distancias de seguridade a que os monitores os chamen e sexan entregados aos seus pais ou titores.

## 8. ANEXOS


### Anexo 1: Plano do comedor

A disposición das mesas será esta. O número de usuarios variará en función da quenda e dos grupos estables. Deixaranse ocios entre grupos.

#### Comedor Infantil



#### Comedor Primaria



# JARDANAY